

Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1992

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 197, do 23.10.1991.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 209, do 14.11.1991.

Emendas parciais, BOPG núm. 213, do 25.11.1991.

Debate de totalidade, DSPG núms. 89 bis, do 19.11.1991; 90, do 20.11.1991; 91, do 21.11.1991, e 92, do 22.11.1991.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 216, do 2.12.1991.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 222, do 13.12.1991.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 223, do 14.12.1991.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núms. 94, do 16.12.1991; 95, do 17.12.1991; 96, do 18.12.1991; 97, do 19.12.1991, e 98, do 20.12.1991.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 226, do 27.12.1991.

Corrección de erros: BOPG núm. 234, do 31.1.1992.

Diario Oficial de Galicia núm. 251, do 30.12.1991. Corrección de erros: DOG núms. 38, do 25.2.1992, e 47, do 9.3.1992.

Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1992

Polas leis 1/1994, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1994; 6/1994, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1995; 11/1995, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996, e 11/1996, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, mantívose a vixencia da disposición adicional sexta.

Pola Lei 2/2015, do emprego público foron derogados os artigos 16,17 e 18.

O documento presupostario elaborado para 1992 céntrase na consecución de dous obxectivos estratéxicos fundamentais para Galicia: infraestruturas e calidade nos servizos públicos esenciais.

Neste sentido, e atendendo estas liñas de actuación, priorízanse as políticas de gasto e o seu reflexo queda patente na asignación de recursos ós programas que aglutinan accións de tal carácter.

A estrutura presupostaria, por outra banda, modifícase respecto de exercicios anteriores, co obxecto de mellora-la información e a técnica á hora de trata-lo gasto segundo o seu destino. Conforme a isto, sepáranse da Consellería de Economía e Facenda, para efectos orgánicos, os estados de gastos de transferencias a corporacións locais, a débeda pública e os gastos de diversas consellerías, que pasan a constituí-la súa propia sección.

No plano xurídico mantense o esquema xa tradicional da norma, mellorando algúns aspectos técnicos como a inclusión no artigo 2

da clasificación dos créditos desde a perspectiva orgánica e económica ou do anexo I, que se destina a relaciona-la cuantificación dos programas de gastos.

Así mesmo, introdúcese certos preceptos que veñen cubrir lagoas existentes que teñen unha necesidade que vai xurdindo durante a execución presupostaria ou que resultan precisos para realizar actuacións novas que por tal motivo non foron contempladas anteriormente.

Por último, debe destacarse a inclusión nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de dous novos organismos autónomos: o Servicio Galego de Saúde e o Servicio de Igualdade do Home e da Muller.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega

para o ano 1992.

Título I

Da aprobación dos presupostos e das súas modificacións

Capítulo I

Créditos iniciais e financiamento dos mesmos

Artigo 1. Dos créditos iniciais.

Un.— Apróbanse os presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 1992, integrados por:

a) O presuposto da Comunidade Autónoma.

b) Os presupostos dos organismos autónomos da Comunidade Autónoma de carácter administrativo.

c) Os presupostos dos organismos autónomos da Comunidade Autónoma de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo.

d) O presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia e os das sociedades para a xestión dos servicios públicos de radiodifusión e televisión.

e) Os presupostos das empresas públicas galegas.

Dous.— No estado de gastos dos presupostos da Comunidade Autónoma concédense créditos para atende-lo cumprimento das súas obrigas por un importe de 444.523.975.000 pesetas.

O presuposto de gastos da Comunidade Autónoma financiarase:

a) Cos dereitos económicos que se liquiden no exercicio, estimados nun importe de 391.523.975.000 pesetas.

b) Coas operacións de endebedamento reguladas no artigo 21 desta lei.

Os créditos correspondentes ós servicios transferidos do Instituto Nacional de Servicios Sociais, por un importe de 6.093.593.000 pesetas, están incluídos nos créditos consignados no estado de gastos citado e o seu financiamento nos dereitos económicos referidos neste número.

Os beneficios fiscais que afectarán ós tributos cedidos á Comunidade Autónoma estímense en 2.441.000.000 de pesetas. O seu detalle recóllese no anexo 4 desta lei.

Tres.— Os estados de gastos e ingresos dos organismos autónomos de carácter administrativo que se aproban incluíndo no seu financiamento as operacións de endebedamento reguladas igualmente no citado artigo 21 ascenden a 171.569.014.000 pesetas, co seguinte detalle:

Miles de pesetas

Escola Galega	
de Administración Pública	280.322
Instituto Galego de Estatística.....	305.509
Servicio Galego de Promoción	

da Igualdade do Home
e da Muller125.500
Servicio Galego de Saúde170.857.683

Os estados de gastos e ingresos dos organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo que se aproban, e nos que se inclúen os movementos das súas contas de operacións comerciais, ascenden a 15.344.167.000 pesetas, co seguinte detalle:

Miles de pesetas	
Instituto	
Galego da Vivenda e Solo	14.796.082
Instituto Galego das Artes	
Escénicas e Musicais.....	548.085

Catro.— No presuposto da Compañía de Radio-Televisión de Galicia concédense as dotacións necesarias para atende-lo desenvolvemento das súas actividades por un importe total de 1.186.000.000 de pesetas, estimándose os seus recursos en igual contía.

Nos presupostos das sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión a que se refire a Lei 9/1984, do 11 de xullo, concédense as seguintes dotacións:

Televisión de Galicia, Sociedade Anónima, por un importe total de 8.724.000.000 de pesetas, ascendendo os recursos a igual contía.

Radiotelevisión de Galicia,

Sociedade Anónima, por un importe total de 762.000.000 de pesetas, ascendendo os recursos a igual contía.

Cinco.— Nos presupostos das empresas públicas galegas inclúense as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos ós mesmos e ós seus estados financeiros, en atención á peculiaridade da súa actividade específica.

Artigo 2. Distribución funcional dos créditos, a súa clasificación orgánica e económica, transferencias internas entre entes e ingresos consolidados.

Un.— Os créditos incluídos nos capítulos I ó IX dos estados de gastos dos presupostos da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos agrúpanse en programas en función dos obxectivos que hai que conseguir. O seu importe consolidado, que ascende a 617.661.036.000 pesetas, segundo o anexo 1, distribúese, en atención á índole das funcións que hai que realizar e polas contías que se detallan, en miles de pesetas, como segue:

Funcións	Miles de pesetas
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	3.138.398
12 Administración xeral	11.968.508
21 Seguridade Social e protección social	31.065.955

22	Promoción social	12.577.611
23	Protección civil e seguridade	976.288
31	Sanidade	176.449.168
32	Educación	139.275.579
33	Vivenda e urbanismo	16.391.766
34	Benestar comunitario	6.401.603
35	Cultura	14.898.348
36	Outros servizos comunitarios e sociais	9.235.789
41	Infraestrutura básica e do transporte	39.911.276
42	Outras infraestruturas	13.376.663
43	Investigación científica, técnica e aplicada	3.145.188
44	Información estatística básica	305.509
51	Actuacións económicas xerais	3.271.067
52	Comercio	1.729.039
53	Actividades financeiras	4.502.653
61	Agricultura, gandería e pesca	24.030.559
62	Industria	1.287.529
63	Enerxía	5.977.000
64	Minería	224.750
65	Turismo	2.788.231
71	Industrialización e reordenación industrial	6.154.857
72	Desenvolvemento empresarial	4.114.702
81	Transferencias a entidades locais	64.875.000
91	Débeda pública	19.588.000

Dous.— As transferencias internas entre os entes referidos no artigo 1, punto Un, letras a), b) e c),

importan 13.776.120.000 pesetas. Os créditos necesarios para a súa realización están incluídos nos importes consignados no artigo 1, e teñen o seguinte detalle:

Miles de pesetas			
Destino	OO.AA.	OO. AA.CC.	Total
Orixe	AA.	II. E FF.	
Xunta	5.065.770	8.710.350	13.776.120
Total	5.065.770	8.710.350	13.776.120

Tres.— Os ingresos consolidados dos entes a que se refire o punto anterior distribúense como segue:

Miles de pesetas				
Capítulos económicos	Capítulos	Capítulo	Capítulo	Total
	I a VII	VIII	IX	
Entes	Ing. non financ.	Act. financ.	Pasi. Finac.	Ingresos
Xunta	391.503.975	20.000	53.000.000	444.523.975
Organismos autónomos administrativos	163.160.206		3.343.038	166.503.244
Organismos autónomos comerc., indust., financ. ou análogos	6.632.817		1.000	6.633.817
Total	561.296.998	20.000	56.344.038	617.661.036

LEI 15/1991, DO 28 DE DECEMBRO, DE PRESUPOSTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA 1992

PRESUPOSTO CONSOLIDADO PARA 1992

DENOMINACIÓN DA SECCIÓN	CAPÍTULOS									Miles de pesetas
										TOTAL
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	
Parlamento	658.458	578.300		160.000		562.000	8.000	2		1.966.760
Consello de Contas	320.735	103.650		15.000		82.000				521.385
Consello da Cultura Galega	12.300	82.200		5.500						100.000
Presidencia e Adm. Pública	3.498.995	2.099.025		9.539.477		7.762.320	2.621.300			25.521.117
Economía e Facenda	2.523.472	631.319		449.690		2.897.400	7.486.500	125.000		14.113.381
COTOP	3.391.225	440.936		815.565		39.667.400	7.756.700			52.071.826
Educación e Ord. Universit.	93.763.006	12.669.572		28.380.270		13.246.403	1.745.276			149.804.527
Industria e Enerxía	1.472.917	252.933		235.750		2.477.680	10.960.120			15.399.400
Traballo e Servicos Sociais	7.661.727	2.938.356		19.443.910		1.705.017	737.500			32.486.510
Agricultura, Gandería e Montes	7.705.820	736.758		315.596		15.951.340	11.986.000			36.695.514
Cultura e Xuventude	2.069.615	776.586		1.034.085		3.527.010	1.469.558			8.876.854
Pesca, Marisqueo e Acuicultura	2.250.585	429.135		490.300		2.847.010	2.160.000			8.177.030
Sanidade	3.555.083	175.982		4.073.379		2.969.230	488.250			11.261.924
Relacións Inst. e Port. do Gob.	264.926	499.770		1.310.000		1.167.520	3.015.000			6.257.216
Transferencias a CC.LL.				61.500.000						61.500.000
Débeda pública			15.050.000						3.338.000	18.388.000
Imprevistos	1.300.000	32.531		50.000						1.382.631
TOTAL COMUNIDADE AUTÓNOMA	130.448.864	22.447.063	15.050.000	127.818.522		94.862.330	50.434.204	125.002	3.338.000	444.523.975
Escola Galega de Admón. Pública	101.732	161.790		16.800						280.322
Instituto Galego de Estatística	169.009	36.500				100.000				305.509
Serv. G. Promoc. Igualdade H-M	50.000	20.000		30.000		10.500	15.000			125.500
Servicio Galego de Saúde	85.465.530	40.870.824	1.200.000	34.805.620	1.001.444	7.427.767		86.498		170.857.683
I G A E M	164.640	138.345		65.100		180.000				548.085
Inst. Galego da Vivenda e Solo	836.430	185.952	172.000	15.000		8.247.700	4.865.000	474.000		14.796.082
TOTAL ORGANISMOS AUTÓNOMOS	86.787.341	41.413.411	1.372.000	34.932.520	1.001.444	15.965.967	4.880.000	560.498		186.913.181
TOTAL PRESUPOSTO BRUTO	217.236.205	63.860.464	16.422.000	162.751.042	1.001.444	110.828.297	55.314.204	685.500	3.338.000	631.437.156
A DEDUCIR TRANSFER. INTERNAS				5.655.670			8.120.450			13.776.120
TOTAL PRESUPOSTO CONSOLIDADO	217.236.205	63.860.464	16.422.000	157.095.372	1.001.444	110.828.297	47.193.754	685.500	3.338.000	617.661.036

Catro.— Os créditos a que se refire o punto Un anterior distribúense orgánica e economicamente, expresados en miles de pesetas, como se especifica a continuación:

Capítulo II

Réxime xeral dos créditos e das súas modificacións

Artigo 3. Principios xerais.

Durante a vixencia desta lei rexerán os seguintes principios sobre modificacións de créditos:

Un.— As modificacións dos créditos presupostarios axustaranse ó disposto nesta lei e ó regulado nesta materia pola Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia, naqueles extremos que non resulten modificados por esta lei.

Dous.— Todo acordo de modificación presupostaria deberá indicar expresamente, ademais do ente público ou da sección á que se refira, o programa, o servizo ou organismo autónomo, o artigo, concepto e subconcepto afectado pola mesma, incluso naqueles casos nos que o crédito se consigne a nivel de artigo. Non obstante, as limitacións sinaladas no artigo 50.2 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia entenderanse referidas a nivel de concepto para aqueles casos nos que a vinculación establecida o sexa a nivel de artigo.

A correspondente proposta de modificación deberá expresa-la súa incidencia na consecución dos respectivos obxectivos de gasto e as razóns que a xustifican.

Tres.— Cando as modificacións autorizadas afecten a créditos do capítulo I, «Gastos de persoal», a Consellería de Economía e Facenda deberallas comunicar á da Presidencia e Administración Pública para o seu coñecemento.

Catro.— As limitacións contidas no artigo 50.2 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia non serán aplicables cando as transferencias de crédito se produzan en aplicación da Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia, cando se trate de créditos nos que o seu financiamento sexa exclusivamente comunitario, ou se realice conxuntamente pola Comunidade Autónoma e as comunidades europeas, ou cando se efectúen entre créditos da sección 22, «Débeda pública».

Así mesmo, tampouco serán aplicables as limitacións contidas no citado artigo 50.2 ó crédito referido no punto 1 da letra l) do artigo seguinte.

As limitacións contidas nas letras b) e c) do artigo citado no parágrafo anterior entenderanse referidas ós presupostos totais do SERGAS, aínda que os mesmos se

desenvolvan descentralizadamente a través dos diversos centros de xestión.

Cinco.— Para os efectos do establecido no punto 2 do artigo 52 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia, se os ingresos referidos no punto 1 figuran no estado de ingresos do presuposto como recurso non financeiro, só se poderá xerar crédito pola diferenza en exceso do previsto e o efectivamente recadado. Correponderalles á Consellería ou ó organismo autónomo solicita-la xeración correspondente.

O importe autorizado, agás que por lei ou convenio se estableza o seu destino específico, será dedicado a financiar os gastos públicos no organismo pertinente, con carácter global.

Seis.— A Consellería de Economía e Facenda, dentro dos primeiros quince días hábiles de cada mes, daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de tódalas modificacións acordadas ó abeiro do establecido na presente lei.

Artigo 4. Competencias específicas en materia de modificacións presupostarias.

Con validez exclusiva para 1992 autorízanselle ó conselleiro de Economía e Facenda as seguintes competencias específicas en materia de modificacións presupostarias:

a) Para incorporar ó presuposto de 1992 os remanentes de crédito de exercicios anteriores existentes na sección 05, programas 721A, 721C e 811B, aplicación 05.03.760, «Apoio á empresa agraria», «Apoio á empresa industrial e de servizos» e «Outras transferencias a corporacións locais», respectivamente, para os fins previstos na disposición adicional cuarta.

b) Para incorporar ó presuposto de 1992 os créditos de exercicios anteriores de operacións correntes, cando correspondan a actuacións financiadas ou cofinanciadas pola Comunidade Económica Europea.

c) Para incorporar ó presuposto de 1992 o remanente libre do crédito 04.09.121A.164.00, «Gastos sociais de persoal», do presuposto de 1991.

d) Para incorporar ó presuposto de 1992 o remanente do crédito 09.03.212A.486, de 1991, destinado á cobertura da renda de integración social de Galicia, na parte que non acadase a fase «O» en contabilidade.

e) Para incorporar ó presuposto de 1992 os créditos que figuraron en 1991, destinados á construción de centros de ensinanza universitaria, na parte que non acadase a fase «O» en contabilidade.

f) Para incorporar ó presuposto de 1992 os créditos destinados á cobertura do Fondo Galego de Solidariedade, da Lei 12/1988 e

do Decreto 373/1990, na parte que non acadase a fase «O» en contabilidade.

g) Para xerar crédito no programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva da porcentaxe de participación nos ingresos do Estado para 1991 e a estimada no concepto de ingresos de 1992 para o dito concepto.

A Consellería de Economía e Facenda daralle conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos da mencionada liquidación e do destino, se é o caso, que se lle dará ó crédito xerado no programa 531B.

h) Para xerar créditos nos programas das consellerías correspondentes por un importe igual ós remanentes non utilizados e anteriores ó exercicio de 1988 do Fondo de Compensación Interterritorial, sempre que o seu financiamento se manteña nos presupostos xerais da Administración do Estado como crédito incorporado.

i) Xerar crédito polos ingresos de financiamento condicionado que por desfase entre a súa materialización e a recepción da documentación no exercicio seguinte requira a súa execución neste.

j) Para ampliar ata unha suma igual ás obrigas que se recoñezan, logo do cumprimento das formalidades legalmente establecidas ou das que se establezan os créditos

que, incluídos no presuposto da Comunidade Autónoma, nos dos organismos autónomos e/ou nos doutros entes públicos aprobados por esta lei, se enumeran a seguir:

1.— As cotas de Seguridade Social, así como as aportacións que, se é o caso, lle corresponda efectuar á Comunidade Autónoma ó réxime de previsión social dos seus funcionarios.

2.— Os que se destinen ó pagamento de intereses, amortizacións do principal e gastos derivados da débeda pública emitida pola Comunidade Autónoma e polos seus organismos autónomos ou operacións de crédito concertadas polos citados entes. Os pagamentos indicados aplicaranse, calquera que sexa o seu vencemento, ós respectivos créditos do exercicio económico de 1992.

3.— Os destinados ó pagamento das obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Xunta de Galicia, dándolle conta ó Parlamento no prazo de un mes.

4.— Os destinados a satisfacer as cantidades que deben percibirlos liquidadores dos distritos hipotecarios en concepto de indemnizacións e compensacións dos gastos orixinados pola recadación e xestión de autoliquidación practicadas polo imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e pola recadación e práctica das liquida-

cións do imposto sobre sucesións e doacións.

5.— Os créditos destinados ó pagamento dos premios de cobranza e participacións en función de recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, solares, locais e edificacións complementarias correspondentes ó Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como os referentes ós traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario do devandito Instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.

6.— O crédito destinado ó financiamento de préstamos que se lle concedan ó persoal ó servizo da Administración autónoma en función da recadación que se produza como consecuencia de reintegros efectuados para a cancelación dos mesmos.

7.— Os créditos destinados a pagamentos de cotas e contribucións a organismos internacionais nos que participe ou sexa membro a Comunidade Autónoma.

8.— Os destinados ó pagamento dos premios de cobranza dos tributos e demais ingresos de dereito público da Comunidade Autónoma.

9.— O crédito 04.04.231A.226.09, destinado á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.

10.— O crédito 09.03.212A.486,

destinado á cobertura da renda de integración social de Galicia, ata un límite máximo de 2.000.000.000 de pesetas.

11.— O crédito do estado de gastos da Consellería de Sanidade destinado á adquisición de medicamentos, material de curas, estupefacientes e outros produtos, incluso medicación estranxeira e urxente, que se lles vaia subministrar ós laboratorios farmacéuticos, centros e institucións sanitarias.

12.— Os destinados ó pagamento de produtos farmacéuticos procedentes de receitas médicas.

Os números 1, 7, 10, 11 e 12, así como o 2, con referencia a 1993, da letra j), terán igualmente validez durante o período de prórroga, ata que sexa aprobada a Lei de presupostos do seguinte exercicio.

Será facultade da Consellería de Economía e Facenda, en consideración ó nivel en que se veñan desenvolvendo os ingresos, reter crédito noutros conceptos presupostarios para financiar as ampliacións deste epígrafe.

Título II

Dos gastos de persoal

Capítulo I

Retribucións do persoal

Artigo 5. Aumento de retribucións do persoal ó servizo da

Comunidade Autónoma.

Un.— Con efectos do 1 de xaneiro de 1992, a contía dos compoñentes das retribucións do persoal ó servizo da Comunidade Autónoma, excepto o sometido á lexislación laboral, experimentará o seguinte incremento con respecto ás establecidas para o exercicio de 1991:

a) As retribucións básicas deste persoal, así como as complementarias de carácter fixo e periódico asignadas ós postos de traballo que desempeña, experimentarán un incremento do 5%, sen prexuício, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade do mesmo.

b) O conxunto das restantes retribucións complementarias terá, así mesmo, un crecemento do 5%, sen prexuício das modificacións que se deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para o mesmo e do resultado individual da súa aplicación.

c) Os complementos persoais e transitorios e as demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei,

quedando excluídos do aumento do 5% previsto na mesma.

d) O complemento familiar, así como as demais prestacións de protección á familia establecidas pola normativa específica do réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e da Administración de Xusticia, extensiva, preceptivamente, a determinados funcionarios da Comunidade Autónoma, liquidaráselles ós beneficiarios conforme ó que determinen as leis anuais de presupostos xerais do Estado ou calquera outra disposición que as regule.

e) As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.

Dous.— O incremento de retribucións previsto no presente artigo é aplicable ó persoal non laboral ó servizo de:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuício do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos.

c) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as sociedades para a xestión dos servizos públicos de radiodifusión e televisión.

d) A Universidade.

e) O restante persoal ó que lle resulte aplicable o réxime estatuta-

rio dos funcionarios públicos.

Tres.— Así mesmo, e con efectos do 1 de xaneiro de 1992, a masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican no número anterior non poderá experimentar un incremento global superior ó 5%, comprendendo nesta porcentaxe o de tódolos conceptos, sen prexuício do que se puidese derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada ente ou organismo mediante o incremento da produtividade ou a modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional.

O previsto no parágrafo anterior representa o incremento máximo da masa salarial, cunha distribución e aplicación individual que se producirá a través da negociación colectiva.

Entenderase por masa salarial, para os efectos desta lei, o conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados durante 1991 polo persoal laboral afectado, co límite das contías sobre as que emitiu informe favorable a Consellería de Economía e Facenda para o devandito exercicio presupostario, exceptuándose, en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ó sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

c) As indemnizacións corres-

pondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou os suplidos por gastos que tivese que realiza-lo traballador.

Os incrementos da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais de persoal laboral e antigüidade do mesmo coma ó réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para 1992 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas do pertinente acordo e tódalas que se produzan ó longo do ano 1992, agás as que lle corresponda devengar ó devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou os suplidos deste persoal non poderán experimentar crecementos superiores ós que se establezan con carácter xeral para o persoal non laboral da Administración da Comunidade Autónoma.

Catro.— Malia o establecido nos números Un e Tres, o coeficiente de incremento medio do 5% a que se refiren os mesmos será revisado pola Administración da Comunidade Autónoma se unha vez coñe-

cido o incremento do índice de precios ó consumo determinado a nivel nacional de novembro de 1991 a novembro de 1992 fose superior ó citado 5%.

No suposto de que o IPC determinado polo INE para Galicia sexa superior nun 0,25, como mínimo, ó rexistrado a nivel nacional, aplicárase o primeiro para estes efectos.

A liquidación da diferenza correspondente aboarase, en todo caso, no exercicio seguinte e o persoal laboral percibiraa a través da negociación colectiva conforme ó artigo 14 desta lei.

Cinco.— Sen prexuício do previsto nos números anteriores, no capítulo I do programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», fanse as previsións necesarias para atender a satisfacerlle ó persoal laboral ó servicio da Comunidade Autónoma a segunda fase de compensación económica destinada á consecución dos obxectivos asignados ós entes e organismos desta Comunidade mediante o incremento da produtividade, así como o importe global asignado ó complemento de produtividade e ás gratificacións por servicios especiais e extraordinarios que distribuirán os distintos departamentos conforme ós criterios a que se refire o punto Un, letras e) e f), do artigo 8 desta lei.

Artigo 6. Retribucións dos altos cargos.

Un.— As retribucións totais e

exclusivas, incluídas as pagas extraordinarias, dos altos cargos fíxanse para o ano 1992 nas seguintes contías:

Presidente	10.526.211
Conselleiros	8.668.087
Secretarios xerais técnicos, directores xerais e asimilados	6.900.909

Dous.— Os altos cargos terán dereito á percepción dos trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios e persoal ó servicio das administracións públicas.

Tres.— As retribucións dos presidentes e vicepresidentes e, se é o caso, as dos directores xerais, das entidades de dereito público a que se refire o artigo 7.1.b) da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia, serán autorizadas polo conselleiro de Economía e Facenda, por proposta do titular da Consellería á que se atopen adscritos.

Artigo 7. Retribucións dos delegados provinciais e territoriais das consellerías.

As retribucións dos delegados provinciais e territoriais das consellerías serán idénticas ás dos subdirectores xerais da Xunta, tanto na súa contía coma respecto dos conceptos que as compoñen.

Terán dereito a percibi-los trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios e persoal ó servicio das administracións públicas.

Artigo 8. Retribucións dos fun-

cionarios da Comunidade Autónoma incluídos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio.

Un.— De conformidade co establecido no artigo 5.Un desta lei, as retribucións que percibirán no ano 1992 os funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, que desempeñan postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei, serán as seguintes:

a) O soldo e os trienios que correspondan ó grupo no que se atope clasificado o corpo ou a escala a que pertenza o funcionario, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo	Soldo	Trienios
A	1.660.344	63.732
B	1.409.184	51.000
C	1.050.444	38.256
D	858.924	25.536
E	784.116	19.152

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ó ano, por un importe cada unha delas de unha mensalidade de soldo e trienios e que se devengarán de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988.

c) O complemento de destino correspondente ó nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías refe-

ridas a doce mensualidades:

Nivel	Pesetas
30	1.457.952
29	1.307.760
28	1.252.752
27	1.197.732
26	1.050.780
25	932.280
24	877.272
23	822.276
22	767.256
21	712.356
20	661.704
19	627.888
18	594.108
17	560.304
16	526.536
15	492.732
14	458.940
13	425.124
12	391.320
11	357.564
10	323.772
9	306.876
8	289.956
7	273.084
6	256.164
5	239.268
4	213.948
3	188.640
2	163.296
1	138.000

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada nos casos

en que así proceda, de acordo coa normativa vixente, sen que isto implique variación do nivel de complemento de destino asignado ó posto de traballo.

d) O complemento específico que, se é o caso, estea fixado ó posto que desempeñe, do que a súa contía experimentará un incremento do 5% respecto da aprobada para o exercicio de 1991, sen prexuício do previsto no artigo 5.Un.a) desta lei.

e) O complemento de produtividade, que retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, sempre que redunden en mellora-lo resultado do mesmo.

1.— En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

2.— O complemento de produtividade será concedido polos conselleiros ou xefes de unidade ós que se lles asignen créditos globais para a súa atención, de acordo cos criterios que aprobe o Consello da Xunta por proposta das consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda.

f) As gratificacións por servizos extraordinarios que concederá o

Consello da Xunta por proposta da Consellería correspondente e dentro dos créditos asignados para tal fin.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

g) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 1992, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións manterase o complemento persoal transitorio fixado ó producirse a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, incluso as que poidan derivarse do cambio de posto de traballo.

Para efectos da absorción prevista nos parágrafos anteriores, o incremento de retribucións de carácter xeral que se establece nesta lei só se computará no 50% do seu importe, entendendo que

teñen este carácter o soldo, referido a catorce mensualidades, o complemento de destino e o específico. En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servicios extraordinarios.

Dous.— Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988 percibirán o 100% das retribucións básicas, excluídos trienios, correspondentes ó grupo no que estea incluído o corpo no que ocupen vacante e o 100% das retribucións complementarias que correspondan ó posto de traballo que desempeñen, excluídos os que están vinculados á condición de funcionario de carreira.

Tres.— O complemento de produtividade poderá atribuírselles, se é o caso, ós funcionarios interinos a que se refire o punto anterior, así como ós funcionarios eventuais e ós funcionarios en prácticas cando as mesmas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ós funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, agás que o dito complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira.

Artigo 9. Aumento de retribucións en casos especiais.

Un.— Os funcionarios pertencentes ás clases de médicos titulares, farmacéuticos titulares, ve-

terinarios titulares, practicantes titulares e matronas titulares que presten os seus servicios en postos de traballo propios da súa clase experimentarán en 1992 un incremento do 5% sobre as correspondentes retribucións básicas percibidas no ano 1991. Igual incremento se lles aplicará ós funcionarios que presten servicios en casas de socorro e hospitais municipais.

As retribucións complementarias destes funcionarios fixaranse de acordo coa normativa vixente que lles sexa aplicable, incrementando, se é o caso, os importes no 5% respecto de 1991.

O resto do persoal sanitario funcionario non comprendido nos parágrafos anteriores percibirá as retribucións básicas e complementarias que lle correspondan en aplicación do disposto no artigo 5 desta lei.

Dous.— O persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto-lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatuario do Instituto Nacional de Salud, percibirá as súas retribucións básicas e complementarias nas contías que resulten da súa propia lexislación, sen prexuízo do incremento previsto no artigo 5.Un.a) desta lei.

Tres.— As retribucións do restante persoal funcionario e estatuario experimentarán igual incremento.

Catro.— Ós efectos de revisión

polo IPC, aplicarase o disposto no artigo 5.Catro.

Capítulo II

Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo

Artigo 10. Relacións de postos de traballo.

Un.— As relacións de postos de traballo de persoal funcionario e laboral comprenden os postos de traballo en cada centro xestor, con expresión de:

a) A denominación e as características esenciais dos postos.

b) Os requisitos esixidos para o seu desempeño.

c) O nivel de complemento de destino, se é o caso, o complemento específico que lles corresponda ós mesmos, cando haxan de ser desempeñados por persoal funcionario, ou a categoría profesional e o réxime xurídico aplicable, cando haxan de ser desempeñados por persoal laboral.

Dous.— Os créditos de gastos de persoal suxeitaranse ó previsto nos artigos 49 e 50 da Lei 3/1984, do 3 de abril, e non implicarán, en ningún caso, recoñecemento de dereitos nin modificación das relacións dos postos de traballo, nin estas, á súa vez, condicionarán necesariamente a contía dos citados créditos.

Tres.— A creación, modifica-

ción, refundición e supresión dos postos de traballo realízase a través das relacións de postos de traballo.

Catro.— Correspóndelles ás consellerías da Presidencia e Administración Pública e de Economía e Facenda, sen prexuício do disposto no artigo 12.8 da Lei 4/1988, da función pública de Galicia, a aprobación, mediante resolución conxunta, de:

a) As modificacións nas relacións de postos de traballo producidas por variación no número de postos recollidos nas relacións iniciais.

b) A asignación do nivel de complemento de destino e, se é o caso, o complemento específico correspondente a novos postos non comprendidos nas relacións de postos de traballo.

c) As modificacións de complemento de destino e específico dos postos incluídos nas devanditas relacións.

d) As remuneracións correspondentes a postos de nova creación adscritos a persoal laboral.

Cinco.— Os titulares de postos de traballo que se supriman nas relacións de postos continuarán percibindo ata que sexan nomeados para desempeñar outros postos de traballo e durante un prazo máximo de tres meses contados a partir da data na que surtiu efectos económicos a citada supresión, co carácter de a conta do que lles

corresponda polo novo posto de traballo, as retribucións complementarias correspondentes ó posto suprimido, sen que proceda ningún reintegro no caso de que as cantidades percibidas fosen superiores.

Seis.— A provisión de postos de traballo que vai desempeña-lo persoal funcionario ou a formalización de novos contratos de traballo do persoal laboral fixo, así como a modificación da categoría profesional destes últimos, requirirá, ademais de que os correspondentes postos figuren detallados nas respectivas relacións, que o seu custo, en cómputo anual, estea dotado presupostariamente, ou, no seu defecto, estea autorizado pola Consellería de Economía e Facenda.

Sete.— As prazas dotadas que non se inclúan ou cubran coas convocatorias de probas selectivas e as que se doten con posterioridade á dita oferta poderán ser obxecto de sucesivas convocatorias dentro do mesmo exercicio, sen que poidan transcorrer máis de seis meses entre a convocatoria e o inicio das correspondentes probas, e sen prexuício dos cursos selectivos de formación que se establezan.

Oito.— As convocatorias para o ingreso en corpos e escalas de funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos requirirán o informe favorable da Consellería de Economía e Facenda respecto da existencia de dotación presupostaria.

Nove.— A formalización de novos contratos de traballo de persoal laboral fixo e eventual e a modificación da categoría profesional dos traballadores xa contratados requirirán a existencia do crédito necesario para atende-lo pagamento das súas retribucións.

Artigo 11. Prohibición de ingresos atípicos.

Durante o ano 1992, os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente lei, con excepción daqueles sometidos ó réxime de arancel, non poderán percibir participación ningunha nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que lles correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdicción, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estivesen normativamente atribuídos ós mesmos, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades.

Artigo 12. Outras normas comúns.

Un.— Cando as retribucións percibidas no ano 1991 non se correspondesen coas establecidas con carácter xeral no título II da Lei 1/1991 e non sexan aplicables as establecidas no mesmo título da presente lei, continuaranse percibindo as mesmas retribucións ca no ano 1991, incrementadas no 5%.

Dous.— Na Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos, nos casos de adscrición durante 1992 dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ó posto de traballo a que se adscribe, o devandito funcionario percibirá as retribucións que correspondan ó posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que autorice a Consellería da Presidencia e Administración Pública por proposta das consellerías interesadas.

Só para os efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Consellería da Presidencia e Administración Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do funcionario.

A Consellería da Presidencia e Administración Pública comunicalle estas autorizacións á Consellería de Economía e Facenda para o seu coñecemento.

Tres.— As referencias relativas a retribucións contidas na presente lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Catro.— As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ós funcionarios entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciban os mesmos nos seus importes líquidos.

Artigo 13. Modificacións do réxime do persoal funcionario.

Os funcionarios de carreira que desempeñen ou desempeñasen postos na Administración central e institucional da Comunidade Autónoma comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 25/1983, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de altos cargos, consolidarán, con efectos económicos desde a aprobación da presente lei, o grao persoal correspondente ó nivel de complemento de destino 30, sempre que pertenzan como tales funcionarios ó grupo A, noutro caso terán dereito a percibi-lo importe equivalente ó dito nivel, en lugar do que puidese pertencerlles conforme ó grupo que correspondan.

Para obter esta consolidación debéronse desempeñar estes postos durante máis de dous anos continuados ou tres con interrupción, a partir do primeiro de xaneiro de 1982.

Artigo 14. Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.

Un.— Durante o ano 1992 será preciso informe favorable conxunto da Consellería de Economía e Facenda e da de Presidencia e Administración Pública para proceder a determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ó servizo de:

a) A Administración da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos.

b) A Compañía de Radio-Televisión de Galicia e as súas sociedades xestoras.

c) A Universidade.

Dous.— Con carácter previo ó comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 1992, deberá solicitarse da Consellería de Economía e Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que se poidan contraer como consecuencia dos devanditos pactos, aportando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devengadas en 1991.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, do cal as retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberán comunicárselle á Consellería de Economía e Facenda as retribucións satisfeitas e devengadas durante 1991, que servirán de base para a aplicación dos incrementos retributivos para 1992.

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación bastará coa emisión do informe a que se refire o punto Un do presente artigo.

Tres.— Para os efectos dos puntos anteriores, entenderase por

determinación ou modificación de condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

a) Asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados no punto Un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións ós mesmos.

b) Aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións ós mesmos.

c) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.

d) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que se deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.

Catro.— Co fin de emitilo informe sinalado no punto Un deste artigo, as consellerías, os organismos e os entes remitiranlles ás consellerías de Economía e Facenda e da Presidencia e Administración Pública o correspondente proxecto, con carácter previo ó seu acordo ou asinamento no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, acompañando a valo-

ración de tódolos seus aspectos económicos.

Cinco.— O sinalado informe será cumprimentado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos aqueles extremos dos que se deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 1992 coma para exercicios futuros, e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ó control do seu crecemento, sen prexuício do disposto no artigo 5.Tres desta lei.

Seis.— Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ó que determinen as futuras leis de presupostos.

Sete.— Non poderán autorizarse gastos derivados da aplicación das retribucións para 1992 sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

Artigo 15. Contratación de persoal laboral con cargo ós créditos de investimentos.

Un.— As consellerías e os organismos autónomos poderán formalizar durante 1992, con cargo ós respectivos créditos de investi-

mentos, contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con aplicación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

c) Que as obras ou os servizos non poidan ser executados co persoal fixo do cadro de persoal e non exista dispoñibilidade suficiente no crédito presupostario destinado á contratación de persoal.

d) Informe favorable da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

Dous.— Os contratos terán que formalizarse seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores, aprobado pola Lei 8/1980, do 10 de marzo, na redacción dada pola Lei 32/1984, do 2 de agosto, e conforme ó disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración pública. Nos contratos farase constar, cando proceda, a obra ou o servizo para a rea-

lización do cal se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, dos que se puidesen derivar dereitos de fixeza para o persoal contratado, poderán dar lugar á esixencia de responsabilidades, segundo o artigo 95 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia.

Tres.— A contratación poderá exceder do exercicio presupostario cando se trate de obras ou servizos que sobrepasen o devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 44 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia ou nesta propia Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1992.

Catro.— O servizo xurídico da Consellería, organismo ou entidade terá que emitir informe sobre os contratos, con carácter previo á súa formalización, e, en especial, pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e das formalidades esixidos pola lexislación laboral.

Cinco.— A realización dos con-

tratos regulados no presente artigo será obxecto de fiscalización previa nos casos en que a mesma resulte preceptiva de conformidade co disposto nos artigos 76 a 90 da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia. Para estes efectos, os créditos de investimentos entenderanse axeitados para a contratación de persoal eventual se non existe crédito suficiente para iso no concepto presupostario destinado especificamente á devandita finalidade.

Nos organismos autónomos da Comunidade Autónoma con actividades industriais, comerciais, financeiras e análogas, esta contratación requirirá informe favorable do correspondente interventor delegado, que versará sobre a non dispoñibilidade de crédito no concepto presupostario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente. No caso de desconformidade co informe emitido, o organismo autónomo poderá elevarlle o expediente á Consellería de Economía e Facenda para a súa resolución.

Artigo 16. Creación de escalas de funcionarios do grupo A.

Ó abeiro do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dentro do corpo superior de Administración da Xunta, grupo A, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.— Escala de letrados, que

desenvolverá as específicas funcións de asesoramento en dereito e de representación e defensa da Administración da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional, sinaladas á Ase-soría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia pola Lei 7/1984, do 26 de xuño, e polo seu regulamento, aprobado polo Decreto 25/1991, do 1 de febreiro.

1.1.— Para o acceso á dita esca-la será imprescindible estar en posesión da titulación de licenciado en dereito.

2.— Escala de sistemas e tecnolo-xía da información, que desenvol-verá funcións directivas nas áreas de tecnoloxía da información e das comunicacións, así como a planificación, o deseño e o desenvolvemento de sistemas operativos e de comunicacións; dirección de proxectos de desenvolvemento e mantemento de aplicacións: auditoría, planificación, control de cali-dade e seguridade informáticas e técnicas de sistemas e comunica-cións de nivel superior.

2.1.— Para o acceso á dita esca-la será imprescindible estar en posesión da titulación de licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equi-valente.

3.— Escala superior de finan-zas, que se estrutura nas seguintes especialidades:

a) Inspección financeira e tribu-taria, á que lle corresponden as funcións de:

— Inspección contable e finan-ceira das caixas de aforros e demais institucións de crédito corporativo, así como as actuacións en materia de tutela financeira das corporacións locais e as de inspec-ción e seguimento das subven-cións, operacións de endebedamento e avals efectuadas pola Xunta de Galicia.

— A investigación e comproba-ción dos tributos propios, dos tributos cedidos e demais ingresos da Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras, así como a práctica das liquidacións a que as ditas fun-cións dean lugar e a obtención de información con transcendencia para a aplicación dos tributos.

b) Xestión tributaria, á que lle corresponden as funcións de xes-tión, liquidación, recadación e tesourería dos tributos propios, dos tributos cedidos e demais ingresos da Lei de taxas, prezos e exaccións reguladoras, así como a revisión dos actos que en virtude da normativa vixente sexan da competencia dos órganos que teñen encomendada a xestión tri-butaria.

c) Intervención, á que lle corres-ponde o control da actividade económica e financeira da Admi-nistración da Comunidade Autóno-ma, dos seus organismos autóno-mos e das empresas públicas de Galicia, sen prexuízo das superio-res facultades que lle competen ó Consello de Contas de Galicia e, se é o caso, ó Tribunal de Cuentas del

Reino. Así mesmo, correspóndelle o exercicio das funcións relacionadas coa contabilidade pública de Galicia.

3.1.— Para o acceso á dita escala será necesario estar en posesión da titulación de licenciado, enxeñeiro superior, arquitecto superior ou equivalente.

Artigo 17. Creación de escalas de funcionarios do grupo B.

Ó abeiro do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dentro do corpo de xestión de Administración da Xunta, grupo B, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.— Escala de xestión de sistemas de informática, que desenvolverá funcións de análise funcional de novas aplicacións, mantemento de aplicacións en explotación, análise e programación das aplicacións no desenvolvemento e control de desenvolvementos informáticos.

1.1.— Para o acceso á dita escala requirirase a titulación de enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado universitario ou equivalente.

2.— Escala técnica de finanzas, que se estrutura nas seguintes especialidades:

a) Técnica de inspección financeira e tributaria.

b) Técnica de xestión tributaria.

c) Técnica de contabilidade e intervención.

Ás ditas escalas corresponderá-lle-la asistencia e colaboración no exercicio das funcións que teñen encomendadas as respectivas escalas en que se estrutura o Corpo Superior de Finanzas, así como as funcións que así se especificuen nas relacións de postos de traballo.

2.1.— Para o acceso ás escalas requirirase estar en posesión da titulación de enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado universitario ou equivalente.

Artigo 18. Creación de escalas de funcionarios do grupo C.

Ó abeiro do disposto no artigo 20 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, dentro do corpo administrativo da Xunta de Galicia, grupo C, créanse as seguintes escalas de funcionarios:

1.— Escala técnica auxiliar de informática, que desenvolverá as funcións de desenvolvemento e explotación informática, tales como programación, operación e asistencia técnica básica ó usuario.

1.1.— Para o acceso á dita escala requirirase estar en posesión da titulación de Bacharelato superior, Formación Profesional de segundo grao ou equivalente.

Artigo 19. Autorización dos cus-

tos de persoal das universidades de competencia da Comunidade Autónoma.

Un.— De conformidade co disposto no artigo 54.4 da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, en relación coa súa disposición final segunda, autorízanse os custos de persoal funcionario docente e non docente e contratado docente das universidades de competencia da Administración autónoma para 1992 e polos importes detallados no anexo 2 desta lei.

Dous.— As universidades de competencia da Administración da Comunidade Autónoma ampliarán os seus créditos do capítulo I en función da distribución que do crédito 07.04.322C.442 realice a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, caso no que non será aplicable o contido no artigo 55.1 da citada Lei orgánica de reforma universitaria.

Título III

Das operacións financeiras

Capítulo I

Avales

Artigo 20. Avales.

Un.— A Comunidade Autónoma durante o exercicio de 1992 poderá avalar operacións de crédito ou prestar outro tipo de

garantías a favor dos seus organismos autónomos, empresas públicas ou participadas, corporacións locais e empresas privadas, por un importe máximo de 6.000 millóns de pesetas, nos termos legais que se mencionan a continuación e os regulamentarios que se establezan. No que concerne ós devanditos avales poden estenderse a operacións de pagamentos aprazados e referirse a plans de investimento, aínda que, en todo caso, definidos temporalmente e cun límite máximo de garantía por entidade avalada.

Dous.— Ata un importe de 4.000.000.000 de pesetas, a Comunidade Autónoma poderá outorgar un primeiro aval no que se acorde a renuncia ó beneficio de excusión que establece o artigo 1830 do Código civil, para os créditos, pagamentos aprazados e plans de investimento concertados para as corporacións locais, organismos autónomos, entes e empresas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tres.— Dentro do importe máximo do punto anterior, a Comunidade Autónoma poderá conceder, nas condicións que regulamentariamente se establezan, aval subsidiario ós créditos concertados polas empresas e operacións que se especifican:

a) Ós armadores de buques por encargos a empresas do sector naval domiciliadas en Galicia, mentres non sexa tecnicamente

posible a constitución de hipoteca naval dos buques en construción.

b) Ás empresas que polas súas características específicas sectoriais sexan susceptibles de recibir axudas pola Comunidade Autónoma para a creación e o mantemento das mesmas, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan como finalidade o financiamento de investimentos.

c) Ás empresas participadas pola Comunidade Autónoma e SODIGA para o financiamento de operacións de igual finalidade e natureza á descrita no punto anterior.

d) Ás cooperativas de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma, sempre que os créditos para os que se solicite aval teñan a finalidade de financiar operacións de investimentos realizadas polos citados axentes.

e) A empresas privadas galegas para operacións de prefinanciamento de exportacións.

f) Ás sociedades anónimas laborais, cooperativas de traballadores, sociedades agrarias de transformación e outras similares, para operacións de investimentos e, no momento da súa constitución, de saneamento financeiro realizadas polas mesmas.

g) Ás cooperativas agrarias, SAT e APAS para operacións de crédito, sempre que este teña por finalidade a adquisición de activos financeiros en empresas lácteas

domiciliadas ou que se constituán en Galicia, coa finalidade de potenciar un grupo lácteo galego.

Catro.— Na distribución e adxudicación dos avales regulados no punto anterior establécese unha prioridade en función da conxunción dos seguintes criterios:

a) Os indicados nas letras e), f) e g) do punto anterior.

b) Iniciativas que supoñan alternativas reais de saída para factorías, empresas ou sectores en crise.

c) Empresas de sectores punta ou potencial relevancia para o desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma.

d) Iniciativas empresariais que supoñan unha maior captación de mercados exteriores.

Cinco.— Poderase conceder un aval complementario ó prestado polas sociedades de garantía recíproca galegas que cubra a maior contía solicitada sobre a máxima que estatutariamente lles poden outorgar estas institucións ás empresas privadas domiciliadas na Comunidade Autónoma, e ó prestado por outras entidades de crédito e seguro, en créditos que teñan como finalidade o financiamento de investimentos. Os ditos avales serán da mesma natureza xurídica cós contemplados no punto Tres deste artigo, e terán como límite global de garantía o importe de 2.000.000.000 de pesetas.

Seis.— A contía dos avales, por beneficiario e punto, non poderá exceder do 5% da cantidade global establecida no número Un deste artigo. Este límite será do 10% nos avales que se poidan conceder ó abeiro do disposto nos puntos Tres.a) e Tres.c) do presente artigo.

Para os efectos de fixa-los límites establecidos neste número, acumularanse os avales vixentes xa coñecidos.

Sete.— Os avales que se concedan ó abeiro do disposto nos puntos anteriores garantirán un máximo do 80% final da contía da operación para a que se concede o aval, excepto os que concedan ó abeiro do previsto no punto Cinco, no que o aval pode cubri-la totalidade da operación de crédito.

Oito.— Non se lles imputará ós límites indicados no punto Un o importe dos avales que se presten por motivo de refinanciamento ou substitución de operacións de crédito, na medida en que impliquen cancelación de avales anteriormente concedidos.

Nove.— O Goberno comunicarlle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos, con periodicidade trimestral, o importe e as características dos avales concedidos ó abeiro do presente capítulo.

A prestación doutro tipo de garantías, distintas ós avales a que se alude no punto Un do artigo 20, terá por obxecto posibilita-la permanencia da actividade productiva

das empresas radicadas en Galicia e poderanse conceder subsidiaria ou solidariamente, neste último caso dentro do límite cuantitativo referido no punto Dous do presente artigo. A contía por beneficiario e demais condicións para o outorgamento das devanditas garantías fixaranse regulamentariamente.

Capítulo II

Operacións de crédito

Artigo 21. Operacións de crédito.

Un.— Autorízase ó Consello da Xunta para que, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, proceda, tanto no interior coma no exterior, a emitir débeda pública da Comunidade en calquera das súas modalidades, negociable ou non negociable, así como a concertar con institucións financeiras operacións de crédito amortizable por prazo superior a un ano ata un importe máximo de 53.000.000.000 de pesetas, e con destino a operacións de capital.

Dous.— Autorízase ó conselleiro de Economía e Facenda para que:

a) Sinala o tipo de interese, as condicións, os beneficios fiscais legalmente establecidos e as demais características das operacións de endebedamento sinaladas no número anterior e formalice, se é o caso, en representación da Comunidade Autónoma, tales operacións, adaptándose sempre que

sexa preciso ás prácticas financeiras que xurdan da evolución dos mercados financeiros.

b) Proceda, ó abeiro do disposto nas respectivas normas de emisión ou contratación, ó reembolso anticipado de emisións de débeda da Comunidade Autónoma ou de créditos recibidos, ou á revisión dalgunha das súas condicións, cando a situación do mercado ou outras circunstancias así o aconsellen.

c) Concerte operacións de cambio, conversión, prórroga ou intercambio financeiro, relativas a operacións de crédito existentes con anterioridade, para obter un menor custo ou unha mellor distribución da carga financeira ou preve-los posibles efectos derivados das fluctuacións nas condicións de mercado.

Tres.— As operacións que se realicen ó abeiro da autorización a que fai referencia o número Un deste artigo poderanse formalizar no transcurso de dous anos a partir da entrada en vigor da presente lei.

Catro.— Nos mesmos termos previstos nos puntos anteriores, autorízase ó Consello da Xunta para que proceda á realización de operacións de endebedamento ata un importe máximo de 3.343.030.000 pesetas con destino a operacións de capital do Servicio Galego de Saúde.

Cinco.— Autorízase ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios sub-

-rogables con destino ó financiamento de actuacións en materia de vivenda e solo.

O importe dos créditos hipotecarios vivos en 1992 non poderá superar en ningún caso os 3.000.000.000 de pesetas, nin o prazo de sub-rogación polos respectivos adquirentes exceder de un ano.

Para a súa instrumentación será preciso informe favorable da Consellería de Economía e Facenda.

Seis.— A Xunta comunicarlle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia, con periodicidade trimestral, o importe e as características principais das operacións de crédito realizadas ó abeiro das autorizacións contidas neste artigo.

Artigo 22. Débeda da Tesourería.

Un.— Durante o exercicio de 1992, o Goberno, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poderá emitir débeda da Tesourería e concertar operacións de crédito con termo de reembolso igual ou inferior a un ano por un importe máximo do 10% da participación en ingresos do Estado, destinado a atender necesidades transitorias de Tesourería.

Dous.— Así mesmo, e con destino ó Servicio Galego de Saúde, o Goberno, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, poderá concertar operacións de crédito como anticipo de financiamento ata un importe máximo de

14.324.159.000 pesetas, que se cancelará no momento no que se produza o ingreso das liquidacións ás que se refiren as letras e) e f) do último parágrafo do anexo ó Real decreto 1679/1990, do 28 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións e dos servizos do Instituto Nacional de Salud.

Título IV

Normas tributarias

Capítulo único

Tributos propios

Artigo 23. Taxas.

Un.— Durante o exercicio de 1992 continuarán aplicándose os tipos vixentes das taxas de contía fixa da Facenda galega, agás que por lei ou decreto legislativo reguladores das mesmas se fixen ou se teñan establecidos outros.

Dous.— Para os efectos do punto anterior considéranse taxas de contía fixa aquelas en que a cota tributaria non estea fixada nunha porcentaxe da base ou esta non se valore en unidades monetarias.

Título V

Dos procedementos de xestión presupostaria

Capítulo único

Dos procedementos de xestión presupostaria

Artigo 24. Contía mínima de aprobación de gastos de investimentos polo Consello da Xunta.

Un.— A realización de gastos de investimento en contía superior a 500.000.000 de pesetas requirirá a aprobación do Consello da Xunta.

Dous.— A aprobación a que se refire o parágrafo anterior implica a autorización do Consello da Xunta para contratar.

Tres.— Autorízaselles ós órganos de contratación, con carácter xeral, a tramitación urxente, prevista no artigo 26 da Lei de contratos do Estado, para a contratación de obras de ata 500.000.000 de pesetas, aínda que o prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días.

Catro.— Para efectos do establecido no presente artigo son órganos de contratación da Xunta as respectivas consellerías.

Artigo 25. Contratación directa de obras.

Un.— O Consello da Xunta, por proposta das consellerías interesadas, poderá autorizar a contratación directa de proxectos de obras que se inicien durante o exercicio de 1992, calquera que sexa a orixe dos fondos, cando o presuposto das mesmas exceda de 25.000.000

de pesetas e non supere os 50.000.000 de pesetas.

Dous.— A contratación directa das obras farase baixo os principios de obxectividade, publicidade e concorrencia. En todo caso, previamente publicaranse nos xornais da provincia na que se vaia executar a obra as condicións técnicas e económicas da mesma.

Tres.— Durante os primeiros quince días dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, a Xunta de Galicia remitiralle á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos a relación de expedientes tramitados ó abeiro do presente artigo no trimestre anterior.

Na relación consignaranse individualmente os nomes dos contratistas e a contía dos contratos.

Catro.— Terán a consideración de gastos menores os referentes á contratación de obras, servizos, subministracións, adquisicións, asistencia e traballos específicos e concretos non habituais por importe non superior a 1.000.000 de pesetas. Para a súa tramitación só será esixible proposta de adjudicación ou adquisición razoada e certificación de existencia de crédito e, para o seu aboamento, factura ou xustificación correspondente, podendo acumularse nun só acto as devanditas fases.

Artigo 26. Outros gastos de investimento.

Un.— Poderán estenderse a exer-

cicios posteriores a aquel en que se acorden os compromisos de gasto que sexan consecuencia da subsidiación de tipos de interese que se concedan coa finalidade de apoiar os investimentos que se vaian realizar na creación de novas empresas e na súa ampliación ou modernización. Regulamentariamente fixarase o prazo a que os citados compromisos poden estenderse.

Dous.— Por acordo do Consello da Xunta, adoptado mediante o procedemento descrito no número Un anterior, poderanse adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, cando se trate de adquisicións de vivendas para a cualificación de promoción pública, de adquisición de terreos para a construción de vivendas de protección oficial, de concesión de préstamos para a promoción de vivendas mediante convenios, para axudas económicas persoais e para o apoio financeiro a vivendas sociais, así como da concesión de subvencións para subsidiación de intereses de préstamos para vivendas de protección oficial.

Tres.— A Xunta dará conta semestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos de tódalas operacións que se realicen ó abeiro do presente artigo.

Artigo 27. Adaptación do estado de gastos do Servicio Galego de Saúde.

O estado de gastos do organismo autónomo Servicio Galego de Saúde presentará a súa estrutura

funcional por programas conforme ó sistema da Seguridade Social. Para estes efectos establécese a táboa de equivalencias que figura no anexo 3, entre esta estrutura e a correspondente ó resto dos entes e organismos con carácter xeral.

Artigo 28. Tesourería do organismo autónomo Servicio Galego de Saúde.

As operacións de ingreso e ordenación e realización material de pagamentos do organismo autónomo Servicio Galego de Saúde realizaraas a Tesourería da Xunta; para este efecto, establecebase o correspondente procedemento.

Artigo 29. Adscrición de seccións presupostarias.

As seccións presupostarias 21, «Transferencias a corporacións locais», 22, «Débeda pública», e 23, «Gastos diversas consellerías», quedan adscritas á Consellería de Economía e Facenda, sendo a Dirección Xeral de Presupostos e do Tesouro o centro directivo que xestionará os estados de gastos das mesmas conforme á normativa vixente.

Artigo 30. Proxectos de investimento.

Un.— Os proxectos de investimento incluídos no «Anexo de investimentos xerais» que se acheguen ós presupostos da Xunta e dos seus organismos autónomos identificaranse mediante o código

do proxecto que nos ditos anexos se lles asigne, co fin de establecelo seguimento presupostario da súa realización.

Dous.— O código asignado a cada un deses proxectos non poderá ser alterado ata a súa finalización. En consecuencia, as modificacións dos programas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos requirirán a asignación pola Consellería de Economía e Facenda do código novo correspondente.

Artigo 31. Subvencións e axudas con cargo ós presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

As axudas e subvencións públicas con cargo ós presupostos da Comunidade Autónoma rexeranse polas seguintes normas:

1.— As subvencións con cargo a créditos dos capítulos de transferencias correntes e de capital outorgaranse baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Para tales efectos, e sen prexuício de que a Xunta determine criterios básicos, as consellerías correspondentes establecerán, no caso de non existiren e previamente á disposición dos créditos, as bases reguladoras aplicables á concesión. As citadas bases aprobaranse por orde da Consellería, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

a) Obxectivo da subvención.

b) Requisitos que deben reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e forma de acreditación así como o prazo de solicitude, que non deberá ser inferior a quince días hábiles.

c) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.

2.— Os titulares das consellerías e os presidentes ou directores dos organismos autónomos son os órganos competentes para outorgar subvencións dentro do ámbito da súa competencia, logo de consignación presupostaria para este fin. As ditas atribucións poderán ser obxecto de delegación ou desconcentración nos delegados provinciais das consellerías.

Malia o disposto no parágrafo anterior, será necesario acordo do Consello da Xunta autorizando a concesión da subvención cando o gasto que se vaia aprobar sexa superior a 500.000.000 de pesetas.

3.— Non será aplicable o disposto no número 1 anterior cando as subvencións teñan asignación nominativa nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma ou a súa concesión e contía sexan esixibles da mesma en virtude de precepto de rango legal.

Poderán concederse igualmente de forma directa axudas ou sub-

vencións nos seguintes casos:

a) As que se deriven de convenios entre a Comunidade Autónoma e entes públicos e privados para a prestación de servizos públicos ou subministracións de bens de interese público que supoñan a afectación do crédito.

b) As axudas ou subvencións correntes ás que polo seu obxectivo de utilidade e interese social e cultural ou para promover a consecución dun fin público non lles sexan aplicables os principios de publicidade e concorrencia, sempre que a súa contía non supere o importe de 1.000.000 de pesetas por beneficiario e ano e as concedidas por cada Consellería non excedan globalmente de 10.000.000 de pesetas no exercicio. Estes importes elevaranse a 3.000.000 e 20.000.000 de pesetas respectivamente para a sección 04, servizo 01, Secretaría Xeral do Presidente.

As que participando da mesma condición excedan dos límites cuantitativos anteriores deberán ser concedidas por acordo motivado do Consello, dándolle conta á Comisión correspondente do Parlamento de Galicia.

4.— Os beneficiarios das axudas ou subvencións que se concedan deberán de:

a) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade e o cumprimento dos requisitos e das condicións que determine a concesión da axuda ou subven-

ción.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que acorde a entidade concedente e ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda e ás previstas na lexislación do Consello de Contas.

c) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou de entes públicos nacionais ou estranxeiros.

d) Facer declaración expresa de que non se ten contraída ningunha débeda coa Xunta de Galicia.

5.— Á entidade concedente, sen prexuízo das demais facultades que lle son propias, corresponde-lle:

a) Modificar a resolución de concesión ante calquera alteración das condicións que serviron para o seu outorgamento.

b) Esixir, previamente ó cobro, a declaración de que o beneficiario se encontra ó corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

6.— Sen prexuízo da xustificación ou liquidación definitiva da subvención a que se refire o número 4 anterior, e do control e da fiscalización posterior do gasto incorrido, así como das funcións de inspección e control financeiro pertinentes, poderán efectuarse anticipos de pagamento sobre a subven-

ción ou axuda concedida nos casos e coas condicións seguintes:

a) Subvencións correntes: para aquelas que non superen o importe de 300.000 pesetas, poderá acordarse no momento da concesión un anticipo de pagamento de ata un 80%, librándose o 20% restante no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e demais condicións para a que foi concedida.

Nos demais casos poderán acordarse pagamentos parciais co carácter de anticipo a conta ata o 80% da subvención concedida en función dos gastos incorridos que resulten xustificadas.

b) Subvencións de capital.

Naqueles que non excedan de 1.000.000 de pesetas poderán efectuarse pagamentos a conta a medida que o beneficiario xustifique os investimentos efectuados. Estes pagamentos non superarán o 80% da subvención concedida.

Por orde da Consellería de Economía e Facenda poderase autorizar un anticipo ata o 50% da subvención naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos.

Nas subvencións que sexan consecuencia de convenios con entes públicos ou privados, haberá que aterse ó réxime de pagamentos alí previstos. No seu defecto, poderanse acordar pagamentos parciais a medida en que o beneficiario proceda a xustificar os gastos en

que incorreu na acción obxecto de subvención.

Cando en calquera dos supostos anteriores o beneficiario sexa unha Corporación local, a certificación emitida polo órgano competente expresiva dos importes investidos ou executados na acción subvencionada será xustificación suficiente para ordenalo anticipado.

Cando se trata de subvencións concedidas para a creación ou ampliación de empresas e o seu importe total supera a cifra de 1.000.000 de pesetas, poderanse efectuar pagamentos a conta con cargo a liquidacións parciais cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o interesado o solicite.

b) Que se xustifique non só o investimento senón tamén os pagamentos efectuados ata ese momento con cargo ó proceso investidor aprobado.

c) Que o importe parcial da subvención que se vai satisfacer non exceda da contía da anualidade prevista para o exercicio presupostario de que se trate.

d) O importe que se pode satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso do 80% do montante total da subvención concedida.

e) Non se poderán solicitar pagamentos parciais mentres non quede acreditado que o destinatario da subvención aplicase ó proceso investigador a totalidade dos

recursos propios previstos no plan financeiro aprobado.

f) Os pagamentos parciais quedan condicionados ó resultado da liquidación definitiva da subvención e para estes efectos estarán garantidos con aval bancario ou de entidade aseguradora que se considere suficiente e por tempo indefinido. Este aval estará á disposición da Consellería xestora e soamente se poderá levantar unha vez que a subvención se liquide definitivamente de conformidade. O citado aval garantirá o principal e os intereses calculados polo interese legal do diñeiro e por un prazo que medie entre a data da solicitude e o último día no que, de acordo coas normas de concesión da subvención, esta deba ser xustificada.

7.— Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora desde o momento de calquera pagamento con cargo á subvención concedida nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación.

b) Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas para iso.

c) Incumprimento da finalidade pola que a subvención foi concedida.

d) Incumprimento das condicións impostas ó beneficiario con motivo da concesión da subvención.

e) Cando por concorrencia de subvencións ou axudas o importe

total subvencionado exceda do custo da acción ou actividade que vai desenvolverlo beneficiario ou da porcentaxe máxima legalmente establecida, procederá ó reintegro do exceso percibido.

8.— As cantidades que haxa que reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público.

Disposición adicional primeira

Para poder dispoñer dos fondos incluídos na partida presupostaria de «Estudios e traballos técnicos» será precisa a previa aprobación polo Consello da Xunta, por proposta do conselleiro respectivo, sempre e cando a contía de cada proposta individualizada de gasto supere os 3.000.000 de pesetas.

Disposición adicional segunda

1. As dotacións presupostarias do Parlamento de Galicia libraranse en firme e periodicamente a nome do mesmo, a medida que este o requira, e non estarán suxeitas a ningún tipo de xustificación ante o Goberno Galego.

Os documentos contables que se expidan para facer efectivas as dotacións presupostarias a favor do Parlamento de Galicia serán propostos e autorizados pola Consellería de Economía e Facenda.

2. Igual procedemento se seguirá para as dotacións presupostarias do Consello de Contas.

Disposición adicional terceira

As entidades que constitúen a Administración institucional da Comunidade Autónoma transferiránlle á Xunta de Galicia o importe dos remanentes líquidos de Tesourería, resultantes das liquidacións dos correspondentes exercicios presupostarios.

A Consellería de Economía e Facenda poderá xerar con este importe crédito no programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas».

Disposición adicional cuarta

Autorízase ó conselleiro de Economía e Facenda para ordenarlas cancelacións das subvencións concedidas ó tipo de interese dos préstamos concertados a través dos convenios de axuda financeira a pequenas e medianas empresas, ó sector productivo agrario, e ós concellos, en calquera dos exercicios anteriores, mediante un pagamento dunha soa vez, actualizando o seu importe na data de cancelación ó tipo de interese legal do diñeiro, destinándose necesariamente o dito importe á amortización do préstamo.

A Consellería de Economía e Facenda comunicarlle semestralmente á Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Presupostos, as cance-

(1) A disposición adicional sexta foi mantida na súa vixencia pola disposición transitoria sexta da Lei 1/1994, pola disposición transitoria cuarta da Lei 6/1994, pola disposición transitoria terceira da Lei 11/1995 e pola disposición transitoria terceira da Lei 11/1996.

lacións feitas ó abeiro desta disposición adicional.

Disposición adicional quinta

Para os efectos do artigo 9 da Lei de expropiación forzosa decláranse de utilidade pública as obras necesarias para a construción e rehabilitación de edificios destinados a albergar os servizos, instalacións, organismos, entes ou institucións dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia no seu ámbito territorial.

Disposición adicional sexta

Declárase a urxente ocupación de bens e dereitos, para os efectos previstos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 e co alcance contemplado no artigo 4.º da Lei do 18 de marzo de 1966, e a utilidade pública das instalacións de alta, media e baixa tensión e dos centros de transformación dos que os proxectos se inclúan no Plan de electrificación de Galicia.

Así mesmo, estenderase a dita declaración de utilidade pública e urxente ocupación para a instalación de teléfonos incluídos en convenios asinados entre a Xunta de Galicia ou as administracións locais coa Compañía Telefónica⁽¹⁾.

Disposición adicional sétima

1. Facúltase á Xunta para que por decreto efectúe a integración nas escalas e especialidades a que se refiren os artigos 16, 17 e 18 da presente lei dos funcionarios de

carreira que, reunindo os requisitos de grupo e titulación e segundo as relacións de postos de traballo, se encontrasen desempeñando as funcións propias das referidas escalas e especialidades, e, no seu caso, dos funcionarios de carreira pertencentes a corpos, escalas e subescalas integrados nos corpos creados pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

2. Así mesmo, poderá regularse a forma de integración do persoal a que se refiren as disposicións transitorias da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, que, reunindo os requisitos de grupo e titulación, viñese desempeñando funcións propias das correspondentes escalas e especialidades, sempre que adquiran a condición de funcionario de carreira dentro das tres convocatorias previstas nas mencionadas disposicións transitorias.

3. Igualmente, e na forma en que se regule, os funcionarios de carreira que dentro das devanditas convocatorias accedesen ó grupo superior ó de procedencia por vía de promoción interna poderán quedar integrados na escala ou especialidade que corresponda, en atención ás funcións desempeñadas e, se é o caso, ós corpos de orixe.

4. Para efectos da integración prevista na presente disposición, a situación de servizos especiais equipárase á de servizo activo.

5. O acceso ás distintas escalas axustarase ó disposto na Lei 4/1988, da función pública de

Galicia, e no Regulamento da selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma, aprobado polo Decreto da Xunta 95/1991, do 20 de marzo.

Disposición adicional oitava

Modifícase o artigo 10 da Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia, modificado pola Lei de taxas, precios e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 10

A Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia está constituída por:

1.— Os rendementos dos impostos que establece a Comunidade Autónoma.

2.— Os rendementos dos tributos cedidos polo Estado.

3.— Unha porcentaxe da participación na recadación total do Estado por impostos directos e indirectos, incluídos os monopolios fiscais.

4.— Os rendementos das súas propias taxas e precios.

5.— As contribucións especiais que estableza a Comunidade no exercicio das súas competencias.

6.— Os ingresos procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial.

7.— Os recargos sobre impostos estatais.

8.— Outras asignacións con cargo ós presupostos xerais do Estado.

9.— O produto da emisión de débeda e do recurso ó crédito.

10.— Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma.

11.— Os ingresos de dereito privado, legados, doacións e subvencións.

12.— As multas e sancións no ámbito da súa competencia.

13.— Se é o caso, as participacións que se establezan polas leis nos ingresos por tributos do Estado para recuperar os custos producidos por actividades contaminantes e xeradoras de riscos de especial gravidade para o medio físico e humano de Galicia.

14.— Calquera outro recurso, independentemente da súa natureza ou finalidade.»

Disposición transitoria primeira.— Retribucións do persoal contratado administrativo.

As retribucións do persoal contratado administrativo a que se refire a disposición transitoria terceira da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, ata tanto non se conclúa o proceso de extinción previsto na dita lei, experimentarán un incremento

do 5% respecto das establecidas en 1991.

Para os efectos de revisión polo IPC, aplicarase o disposto no artigo 5.Catro.

Disposición transitoria segunda.— Cooperación coas entidades locais de Galicia.

1. A Xunta de Galicia remitiralle ó Parlamento, no primeiro trimestre de 1992, un proxecto de lei que regulará a cooperación coas entidades locais de Galicia para a corrección de desequilibrios interrexionais.

2. O proxecto de lei orientarase cara ó fomento do desenvolvemento local e establecerá, entre outros, os criterios de elección de beneficiarios, áreas prioritarias e tipos de investimentos, incentivando a agrupación de municipios e o financiamento conxunto dos investimentos polas diferentes administracións públicas.

3. Ata a entrada en vigor da dita lei, e con obxecto de non retrasalos investimentos, a Xunta poderá convir coas entidades locais e con criterios obxectivos os proxectos de gasto nas respectivas zonas. Para estes efectos, aplicarase o montante de 3.250.000.000 de pesetas previsto na aplicación 05.06.81 IB.760. A Xunta comunicalle os proxectos á Comisión de Economía, Facenda e Presuostos.

Disposición transitoria terceira.— Fondo de terras da Lei 10/1985.

Dentro dos créditos presupostarios destinados a este fin e coa finalidade de incrementalo fondo de terras previsto na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, queda autorizada a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para a adquisición por calquera título xurídico válido de bens e dereitos sobre inmoables, así como para a súa xestión, conservación e disposición, sen prexuício do informe previo da Consellería de Economía e Facenda para todo acto de disposición.

Disposición transitoria cuarta.— Complemento variable da renda de integración social de Galicia.

A contía do complemento variable da prestación económica da renda de integración social de Galicia, en función do número de membros do fogar, prevista no artigo 12.2 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, será a seguinte: 5.300 ptas. polo primeiro membro adicional, 4.240 ptas. polo segundo membro adicional e 3.180 ptas. por cada un dos restantes membros adicionais.

Disposición transitoria quinta.— Servicio Galego de Saúde.

O Servicio Galego de Saúde iniciará o seu funcionamento como organismo autónomo administrativo á entrada en vigor da presente lei, asumindo as funcións previstas na Lei 8/1991, do 23 de xullo, de reforma da Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servicio Galego de Saúde.

Disposición transitoria sexta.—
Porcentaxe de participación nos
ingresos do Estado.

Autorízase ó Consello da Xunta de Galicia para que por decreto, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, poida xerar crédito nos distintos programas dos estados de gastos aprobados no artigo 1 desta lei, por un importe igual á diferenza que poida existir entre o montante estimado no estado de ingresos para 1992 por porcentaxe de participación nos ingresos do Estado e o que resulte como consecuencia do novo modelo de financiamento que sexa aprobado para as comunidades autónomas.

Do mencionado decreto daráselle conta, de maneira singular, á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento de Galicia.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda para que efectúe no presuposto de gastos da

Comunidade Autónoma as adaptacións técnicas que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, co fin de crealos programas, as seccións, os servizos e os conceptos presupostarios que sexan necesarios e autorízalas transferencias de crédito correspondentes. Estas operacións en ningún caso darán lugar a un incremento do gasto.

Informarase de todas elas á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos do Parlamento dentro do mes en que aquelas se producisen.

Disposición derradeira segunda

O Consello da Xunta dictará, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei, que entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1992.

(1)

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 1991

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

(1) O anexo incorporado a esta lei non se reproduce nesta edición.